

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 21/01/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Licenzas urbanísticas.-
- 3º.- Aprobación, se procede, do Padrón Fiscal da taxa recollida residuos sólidos urbáns ano 2016.-
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **18:30** horas do día **21/01/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 14 de xaneiro de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Licenzas urbanísticas.-

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e

demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

OBRAS MAIORES

A LUCAS KARIM RAZGALLAH , veciño de Cee, para proceder á construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada composta de Soto, Planta Baixa e Planta Alta a emprazar na localidade de Padrís do Termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e Anexo redactados polo Arquitecto Manuel Ángel Marcote Escariz, que consta no expediente, condicionada a que:

1) Antes do comezo das obras, deberá presentar un Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do indicado no artigo 2º) do Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, que recollerá expresamente as seguintes consideracións:

A) Para a construción da vivenda por aplicación do indicado no Artigo 172.1 da Lei 9/2002, deberase conectar a rede municipal de saneamento existente no viario que da fronte á parcela na que se pretende a edificación.-

B) En aplicación do indicado no Apto. I.A.4.- Dotación mínima de instalacións na vivenda das NHG a parte ampliada da vivenda contará coa dotación mínima de instalacións necesarias que lle permita a adecuada realización das funcións previstas nas diferentes estancias e servizos, reguladas nesta normativa e que a continuación se relacionan:

--Instalación de subministro de auga fría.

--Instalación de calefacción e auga quente sanitaria que terá incorporado o elemento xerador correspondente.

--Instalación de evacuación de augas.

--Instalacións de telecomunicacións, ademais de rede de interfono para comunicar as vivendas co portal do edificio, instalación eléctrica e instalación de ventilación.

Deberase representar as instalacións sinaladas no correspondente proxecto de execución e presentar no citado proxecto o equipamento e aparellos especificados no Apartado I.A.4.1.- das Normas do Hábitat Galego (NHG9).

2) Antes do comezo das obras e en cumprimento do referido no Capítulo III da L.O.E., deberán identificarse os axentes da edificación participantes, presentándose o nomeamento do Director das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 12º en relación co artigo 2.1º.a) da LOE terá unha titulación académica e habilitante de Arquitecto así como o nomeamento do Director de Execución das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 13º en relación co artigo 2.1º.a) da LOE terá unha titulación de Arquitecto técnico.

Formalizarase a oportuna Acta de Replanteo que será asinada por o Arquitecto Director de Obras, Director de Execución, Coordinador de Seguridade e Saúde, Constructor , representante do Concello e Técnico que preste servizos urbanísticos dentro da Corporación; previamente o promotor deberá presentar no Rexistro Xeral de Entrada os datos identificativos do Constructor e mais o coordinador en materia de seguridade e saúde.-

3) Por aplicación do indicado no Artigo 42 da Lei 8/2012 e unha vez se teñan concluídas as obras de execución da vivenda, o promotor solicitará a Licenza de Primeira Ocupación acompañando a seguinte documentación :

-- Certificado final da dirección das obras debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente.

-- Acta de recepción das obras se esta se houberse outorgado expresamente ou ben a acreditación da súa recepción tácita.

- Certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado suscrito pola Dirección Facultativa da obra ao que debe acompañar a cualificación de eficiencia enerxética (artigo 8.7º) do Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia.

-- Liquidación final das obras asinada pola dirección facultativa das obras.

*** 4) En cumprimento do indicado no artigo 17º.-) do RDU dispórase xunto á obra de cartel indicador dunhas dimensións de 0,50 X 0,50 m. Na parte superior, na esquina esquerda figurará o escudo municipal e a continuación se lerá "CONCELLO DE FISTERRA" e debaixo desta lenda "LICENZAS URBANÍSTICAS". Baixo do encabezado figurarán os seguintes datos:

"EXPEDIENTE": 21 / 2015

"CLASIFICACIÓN DO SOLO": "Solo non Urbanizable".-

"ORDENANZA": Núcleo Rural Tradicional" Zona non Consolidada.

"USO": Vivenda Unifamiliar (Categoría 1ª)

"NÚMERO DE PRANTAS": Planta Soto, Planta Baixa e Planta Primeira.-

"CONCESIÓN": 21/01/2016

"ÓRGANO": Xunta de Goberno Local.-

"PRAZO DE EXECUCIÓN": Tres anos

"DIRECTOR DE OBRA": -----

"DIRECTOR DE EXECUCIÓN":-----

"CONTRATISTA": -----

Que o prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, non poderán interromperse as obras por un

prazo superior ós seis meses, comezándose a computar a partir do día seguinte ó de recibo desta notificación.

Así mesmo, deberá ingresar as seguintes cantidades :

-- Catro mil cento dezasete euros con sesenta e dous céntimos (4.117,62 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais

-- Cincocentos sesenta e un euros con corenta e nove céntimos (561,49 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

A JESÚS OTERO LEMA, veciño de Vigo, para proceder á construción dunha Vivenda Unifamiliar a emprazar nunha parcela con referencia catastral número 8118103MH7581N0001LX, sita na localidade de San Martiño de Abaixo do Termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto Manuel A. Echeverría Ulargui, Colexiado 461 que consta no expediente; condicionada a que:

1) Antes do comezo das obras e en cumprimento do referido no Capítulo III da L.O.E., deberán identificarse os axentes da edificación participantes, presentándose o nomeamento do Director das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 12º en relación co artigo 2.1º.a) da LOE terá unha titulación académica e habilitante de Arquitecto así como o nomeamento do Director de Execución das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 13º) en relación co artigo 2.1º.a) da LOE terá unha titulación de Arquitecto técnico.

2) En virtude do indicado no Artigo 19.a) da Lei 9/2002 de 30 de Decembro e nas Disposicións Transitorias da citada Lei, en canto á aplicación das Normas Subsidiarias de Planeamento vixentes, nos atopamos nun solo urbano consolidado polo que resulta unha obriga dos propietarios deste solo costear os gastos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e regularizar as vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.-

3) Por aplicación do indicado no Artigo 42 da Lei 8/2012 e unha vez se teñan concluídas as obras de execución da vivenda, o promotor solicitará a Licenza de Primeira Ocupación acompañando a seguinte documentación :

-- Certificado final da dirección das obras debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente.

-- Acta de recepción das obras se esta se houberse outorgado expresamente ou ben a acreditación da súa recepción tácita.

- Certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado subscrito pola Dirección Facultativa da obra ao que debe acompañar a cualificación de eficiencia enerxética (artigo 8.7º) do Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia.

-- Liquidación final das obras asinada pola dirección facultativa das obras.

4) En cumprimento do indicado no artigo 17º.-) do RDU dispórase xunto á obra de cartel indicador dunhas dimensións de 0,50 X 0,50 m. Na parte superior, na esquina esquerda figurará o escudo municipal e a continuación se lerá "CONCELLO DE FISTERRA" e debaixo desta lenda "LICENZAS URBANÍSTICAS". Baixo do encabezado figurarán os seguintes datos:

"EXPEDIENTE": 13 / 2015

"CLASIFICACIÓN DO SOLO": "Solo Urbano".-

"ORDENANZA": "Edificación Extensiva OE".

"UÑO": Vivenda Unifamiliar (Categoría 1ª)

"NÚMERO DE PRANTAS": Planta Soto, Planta Baixa e Planta Primeira.-

"CONCESIÓN": 21/01/2016

"ÓRGANO": Xunta de Goberno Local.-

"PRAZO DE EXECUCIÓN": Tres anos

"DIRECTOR DE OBRA": -----

"DIRECTOR DE EXECUCIÓN":-----

"CONTRATISTA": -----

Que o prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, non poderán interromperse as obras por un prazo superior ós seis meses, comezándose a computar a partir do día seguinte ó de recibo desta notificación.

Así mesmo, deberá ingresar a cantidade de dous mil oitocentos vinte e oito euros con oitenta e oito céntimos (2.828,88 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais municipais resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 128.585,44 €.

A BUILDINGCENTER, S.A.U., con CIF A63106157 e domicilio social na Rúa Provençal, 39 de Barcelona (CP 08019), para proceder á Reforma e Acondicionamento dunha Edificación destinada a uso de vivendas, existente na localidade de Escaselas Termo Municipal de Fisterra, (con referencia catastral número 8524405MH7582S0001OQ), debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto Manuel Cid Rodríguez, CID-RIVADULLA ARQUITECTOS, S.L.P. , que consta no expediente; condicionada a que:

1) Deberá informar ó concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os materiais empregados e resultantes da execución da obra deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado, con espesores acaídos coma para asegurar a súa solidez e conservación en bo estado.

3) Advertir á promotora que coa concesión desta licenza non se está a autorizar a ocupación do dominio público nin permiso para realizar obras que puidesen modificar os parámetros urbanísticos da edificación existente, tales como alturas das construcións, ocupación, edificabilidade e uso.

4) En cumprimento do indicado no artigo 17º.-) do RDU dispórase xunto á obra de cartel indicador dunhas dimensións de 0,50 X 0,50 m. Na parte superior, na esquina esquerda figurará o escudo municipal e a continuación se lerá "CONCELLO DE FISTERRA" e debaixo desta lenda "LICENZAS URBANÍSTICAS". Baixo do encabezado figurarán os seguintes datos:

"EXPEDIENTE": 18 / 2015

"CLASIFICACIÓN DO SOLO": "Solo Urbano".-

"ORDENANZA": "Edificación Semi Intensiva (SI)".

"CONCESIÓN": 21/01/2016

"ÓRGANO": Xunta de Goberno Local.-

"PRAZO DE EXECUCIÓN": Tres anos

"DIRECTOR DE OBRA": -----

"CONTRATISTA": -----

O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, non poderán interromperse as obras por un prazo superior ós seis meses, comezándose a computar a partir do día seguinte ó de recibo desta notificación.

OBRAS MENORES

A Manuel Dominguez Canosa, Maria Matilde Sixto Pampin e José Antonio Dominguez Canosa, veciños de Fisterra, para proceder á división dunha parcela cunha superficie total de 684 m2 sita na rúa do Carmen da localidade de residencia localidade de Sardiñeiro de Abaixo do Termo Municipal de Fisterra, nas seguintes:

PARCELA	SUPERFICIE
A	234 m2
B	224 m2
C	180 m2

Debendo axustarse na súa totalidade o Estudo Técnico redactado a tal efecto polo Arquitecto Técnico José Baliña Romero de data 15 de Xullo de 2015 que consta no expediente, onde queda determinado que a diferenza de 46 m2 existente entre a superficie total da parcela (684 m2) e a suma das superficies dos solares (638 m2), se corresponde co terreo de cesión ao Concello que está referido o frente da rúa de emprazamento.-

Asimesmo deberá ingresar en arcas municipais a cantidade de Cento oitenta euros (180,00 €) en concepto da Taxa pola prestación de servizo urbanísticos prevista na Ordenanza Fiscal reguladora; debendo notificarse este acordo a Gestoria Aurea Dominguez con domicilio social na Avda da Coruña, 39 na localidade de Sardiñeiro de Abaixo.--

A Cándida Buiturón Canosa, veciña de Fisterra, para proceder á división dunha parcela cunha superficie total de 1.475 m2 sita na localidade de Mallas neste Termo Municipal de Fisterra, nas seguintes:

PARCELA	SUPERFICIE
1	605,60 m2
2	605,60 m2
3 (Finca cesión Concello Fisterra)	263,80 m2

Debendo axustarse na súa totalidade o Proxecto de Segregación redactado a tal efecto polo Arquitecto Manuel Angel Marcote Escariz, de data Outubro 2015 visado o día 13 de Novembro de 2015 que consta no expediente.

Asimesmo deberá ingresar en arcas municipais a cantidade de Cento vinte euros (120,00 €) en concepto da Taxa pola prestación de servizo urbanísticos prevista na Ordenanza Fiscal reguladora.-

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a ANA ISABEL SUÁREZ VELAY E GONZALO RAFAEL ABA ROMERO, veciños de Fisterra Licenza de Primeira Ocupación dunha Vivenda Unifamiliar sita na localidade de San Martiño de Arriba neste Termo Municipal en base ó Proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto D. Manuel Ángel Marcote Escariz con data de visado 4/03/2010 e Modificacións introducidas no mesmo con data de visado 20/04 e 27/05/2010, así como documentación final de obra visada o 22/12/2015 que constan no expediente; toda vez que queda xustificado o remate total das obras e que foron cumpridos todos e cantos condicionamentos foron impostos na Licenza urbanística outorgada por

parte da Xunta de Goberno Local en sesión de data 10 de Xuño de 2010 a nome dos promotores.-

Así mesmo, deberá ingresar en arcas municipais, a cantidade de Sesenta euros (60,00 €) en concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, tendo en conta que se trata dunha vivenda de máis de 150 m2 de superficie.

C) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación a nome de **ROSA MARÍA MARCOTE CANOSA**, veciña de Fisterra, sobre licenza urbanística concedida en sesión do día 27 de Agosto de 2015 para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada a emprazar nunha parcela sita na Rúa Lagares desa localidade (Referencia Catastral número 1047620MH8514N00001JA), baixo as condicións establecidas na mesma, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Entender presentado e aceptar o Proxecto de Execución das obras, dado que non rebaixa nin altera os usos e condicións impostas na licenza outorgada, así como a documentación requirida para o seu inicio, polo que poderase suscribir o acta de replanteo das obras, debendose presentar nas oficinas municipais por parte dos promotores a identificación do construtor.-

2) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.-

3º.- Aprobación, se procede, do Padrón Fiscal da Taxa Recollida de Residuos Sólidos Urbanos ano 2016.--

Unha vez examinado o Padrón Fiscal Municipal de Recollida Domiciliaria de Residuos Sólidos Urbanos, Tratamento e Eliminación dos mesmos confeccionado para o ano 2016 e encontrándoo conforme, a Xunta de Goberno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda:

1.º- Aprobar inicialmente o devandito Padrón fiscal por un importe total de Cento cincuenta e oito mil novecentos dous con setenta e nove céntimos (158.902,79 €).

2.º- Expoñelo ao público por espazo de UN MES contado desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Artículo 124.3 da Lei 230/63 de 28 de Decembro).-

4º.- Asuntos varios.-

FESTEXOS POPULARES

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a Comisión de Festas de San Vicente de Duio, con CIF 70278882 G, unha axuda económica de Cincocentos euros (500,00 €) coa finalidade de sufragar parte dos gastos que se ocasionen con motivo das mesmas os días 22 e 23 de xaneiro de 2016 na localidade de Ermedesuxo de Abaixo; debendo presentar Memoria xustificativa dos mesmos.-

CERTIFICACIÓN DE OBRA

Unha vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda a prestar a súa aprobación á Certificación Segunda e derradeira da Obra denominada " SINALIZACION E PINTADO DE VIAIS MUNICIPAIS RUA ALCALDE FERNANDEZ " incluída no Plan de Cooperación as Obras de competencia Municipal da Excma Deputación provincial ano 2015 por un importe de Dez mil trinta e catro euros con cincuenta e nove cébntimos (10.034,59 €) debidamente asinada polo Contratista Mario Suárez Méndez e o Director da mesma.---

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.